

The background of the top half of the page is a solid blue color. Overlaid on this is a faint, light blue graphic of a hand with the index finger pointing upwards. A network diagram is also overlaid, consisting of several circular nodes containing a person icon, connected by thin lines. The text 'PLAN DIGITAL' is centered in the middle of the page in a large, bold, white, sans-serif font.

PLAN DIGITAL

CEIP AREOUTA

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

O CEIP Areouta sitúase na Rúa San Xoañ 19 na localidade de Sardiñeiro dentro do Concello de Fisterra. Dista sete quilómetros da capital municipal e cento dous da capital da provincia. A parroquia ten unha superficie de 14,30 quilómetros cadrados e está formada polos lugares de Buxán, Castrexe, Padrís, Sixto, Suarriba, Rial, Sardiñeiro de Arriba e Sardiñeiro de Abaixo. Ningún destes lugares dista máis de tres quilómetros do centro educativo e o alumnado usa o transporte escolar para comer na casa.

A páxina web do centro é www.edu.xunta.gal/centros/ceipareouta/ e o correo electrónico o seguinte: ceip.areouta@edu.xunta.gal.

O centro conta con unha mestra de Educación Infantil con destino definitivo e un mestre de Primaria con destino provisional. Ademais ten adxudicados seis mestres itinerantes que son: unha mestra de Inglés dependente do centro, unha mestra de Pedagogía Terapéutica definitiva no centro, unha mestra de Música e Educación Física, unha mestra de Audición e Linguaxe, unha orientadora e un mestre de Relixión.

No CEIP Areouta impártese a etapa de Educación infantil e a etapa de Educación Primaria. En total asisten 23 alumnos e alumnas repartidos en dous agrupamentos: 9 en Educación Infantil, e 14 de Educación Primaria.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O nivel de renda das súas familias é medio e adócanse fundamentalmente as actividades por conta propia e á pesca. Non existen graves problemas de inseguridade nin de marxinación social. A maioría da poboación é orixinaria da zona.

O desenrolo do Plan dixital contribúe a levar a cabo as funcións atribuídas na programación xeral anual ao Equipo de fomento das Tecnoloxías da Información e da Comunicación. Estas son:

- Xestionar a páxina web do centro.
- Xestionar a Aula Virtual do centro.
- Dinamizar e impulsar o uso das TIC no centro.
- Analizar e priorizar as necesidades de material.
- Actualizar o inventario de recursos existentes.
- E elaborar o Plan de Integración das TICS.

Ademais contribúe aos obxectivos marcados no proxecto educativo en canto as TICS tanto para o centro, o profesorado e o alumnado. Estes son os seguintes:

Obxectivos xerais referido ao centro:

- Fomentar o emprego, dun xeito correcto e útil dos distintos recursos cos que conta o centro: aulas con ordenador, pizarra dixital, acceso a internet en tódalas aulas, etc.
- Potenciar o emprego das TIC como ferramenta de traballo no proceso de ensino-aprendizaxe.
- E favorecer a súa utilización por parte do profesorado nas súas tarefas habituais no centro: programacións, memorias, actividades...

Obxectivos xerais referido ao profesorado:

- Utilizar as TIC como medio de perfeccionar a actividade docente a través do seu uso.
- Empregar os ordenadores para o traballo cotiá e as actividades de aula: programacións, actividades, fichas, información ás familias.
- E propoñer a posta en práctica dun seminario e/ou grupo de traballo dirixido a aprender o manexo da pizarra dixital.

E obxectivos xerais referidos ao alumnado:

- Aumentar a competencia dixital do alumnado.
- Desenvolver unha análise crítica coa información obtida a través de internet, é dicir, que o noso alumnado sexa capaz de “filtrar” os contidos válidos que aparezan na rede dos que non o son.
- Utilizar programas e contornas que faciliten a súa aprendizaxe de diferentes áreas e contidos.
- Estimular a súa curiosidade polas novas tecnoloxías.
- Asimilar novas formas de aprendizaxe ademais dos xa existentes.
- Facilitar o acceso a estas ferramentas por parte dos alumnos/as con necesidades educativas especiais e nas tarefas de apoio e reforzo de aprendizaxes.
- E utilizar o ordenador como medio de creación, de integración, de cooperación e de expresión das propias ideas. Exemplo: creación dun blog.

No seguinte enlace podemos atopar o protocolo de adaptación ao contexto da COVID 19 que ten a súa parte dixital: [www.edu.xunta.gal/centros/ceipareouta/system/files/Protocolo de Adaptación ao contexto da COVID 19.pdf](http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipareouta/system/files/Protocolo%20de%20Adaptaci%C3%B3n%20ao%20contexto%20da%20COVID%2019.pdf).

1.3. Breve xustificación do mesmo

Para a elaboración do Plan dixital tívose en conta a seguinte normativa:

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación*
- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o*

desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022

- *Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021-2022*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*

1.4. Proceso de elaboración

No centro contamos coa asesoría da mentora da Rede Galega Dixitalgal da zona do equipo Adix Vimianzo, polo que ela foi a que guiou este proceso e nos asesorou no mesmo. Todo foi consensuado no equipo coas achegas de todos e todas e redactado entre a mentora e o coordinador TIC.

O proceso de seguimento por parte da mentora xa establecía en canto a tempo a entrega de diversas tarefas ao longo do curso que posteriormente darían forma o que é o Plan dixital en si.

No primeiro trimestre realizouse a avaliación inicial a través da ferramenta SELFIE para coñecer o estado en canto a dixitalización do centro. No comezo do segundo trimestre utilizouse o Test CDD para coñecer a competencia dixital dos mestres e mestras do centro. Coa información destas dúas ferramentas procedeuse a realización do DAFO. Neste segundo trimestre tivemos dúas formacións online para axudarnos no proceso de elaboración do Plan Dixital por parte do equipo Adix Vimianzo. No terceiro trimestre elaborouse as táboas do plan de acción e por último procedeuse a redacción do Plan Dixital.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

A conexión a Internet do centro, tras anos de liña de cobre, satélite etc e varios cambios de subministro, é excelente. Contamos con fibra de tipo asimétrico e as probas de velocidade dan picos de 220 Mb/s de baixada e máis de 50 Mb/s de subida cun ping de 30 e óptima latencia, que abonda para os equipos conectados, actualizacións de SSOO e software, algo de streaming que facemos nas clases e tráfico de correo electrónico. Tamén necesaria na subida de documentos, actividades e fotos á páxina Web é á Aula Virtual.

A liña distribúese por rede Ethernet con 4 puntos de media por aula e recíbese tamén vía WiFi en banda dual cun punto de acceso específico en cada aula con docencia e algunha outra dependencia, accesible por usuario/contrasinal da LDAP de Educación.

TÁBOA DE INFRAESTRUTURA DE REDE			
Dependencia	Puntos Ethernet	Puntos de acceso WiFi	Outros
Au. de 1º, 2º e 3º E.P.	4 puntos	1 punto acceso Wifi	
Au. de 4º, 5º e 6º E.P.	6 puntos	1 punto acceso Wifi	
Au. de Inglés.	5 puntos	1 punto acceso Wifi	Uso de PLC para conectar a pantalla coa rede.
Mediateca	25 puntos	1 punto acceso Wifi	Rack+Hub, cadro elec.
Aula de Infantil	2 puntos	1 punto acceso Wifi	
Aula de Música	2 puntos	1 punto acceso Wifi	
Sala de profesorado	1 punto	-	Hub de 5 puntos
Aula para actos	2 puntos	1 punto acceso Wifi	
Dirección	1 punto	Chega sinal Wifi	Acometida e 3 Racks
Ximnasio	-	Chega sinal Wifi	

Equipamento dispoñible e usos: o centro conta con poucos equipos corporativos e están maioritariamente obsoletos. Temos unha partida de Pc's provenientes dunha doazón particular que xa están en desuso. Catro das aulas contan con EDI, se ben só un deles é operativo (falta de software, danos, falta de uso etc).

A aula de Informática comparte espazo coa Biblioteca/Mediateca se ben non se estivo usando estes dous cursos por mor da pandemia. O uso é principalmente en horario extraescolar.

Ubicación	Equipo	S.O.	Pro/HD/RAM	Uso principal	Operatividade
Aul. Prim2.	Sobremesa HP ProDesk	Win 10 Pro Educación	Intel i5, 8Gb RAM, 1 Tb HD	Proxector EDI – leccións - vídeo	Óptima
Sala prof.	Sobremesa Toshiba Satellite C660 - 2NM	Win7	Pentium dual core. 8GbRAM, 500GbHD	Consulta – Elaboración actividades – Impresión	Media
Dirección	Sobremesa HP ProDesk	Win 10 Pro Educación	Intel i5, 8Gb RAM, 1 Tb HD	Xestión e administración	Óptima

		ión			
Inglés	Portátil Lenovo I520 thinkpad	Debian	Intel i3, 4RAM, 320G HD	Proxector EDI – leccións - vídeo	Óptima
Aul.Prim1.	Portátil	Win 10	INTEL i5, 8GbRAM, 1TbHD	Proxección – vídeo – Actividades EDI	Óptima
PT	Tablet Lenovo	Android	16Gb HD, 2GbRAM Qualcom	Alumnado con ACI	Pantalla rota
Informática	Sobremesa HP	Vista	AMD Phenon II	Extraescolares	Nestes momentos está desconectado/i noperativo
Informática	Portátil HP Probook 6550b -2NM	Win7	15 -500Gb HD	Proxección vídeos na parede	Pantalla rota - inservible

Parte do profesorado trae o seu propio portátil para traballar.

Non contamos con aulas dixitalizadas, co proxecto E-Dixgal ou o Abalar, non temos aula móbil ou ultra-portátiles (os derradeiros equipos fornecidos teñen máis de 5 anos) e non contamos con dotacións para proxectos específicos.

A aula de Informática (compartida, como antes se dixo) está dotada con varios equipos non corporativos, froito dunha doazón de hai máis de 10 anos, totalmente obsoletos, con S.O. híbrido Win XP/Ubuntu e con severos problemas. Non temos horario destinado para ocupar esta aula e é basicamente usada para actividades extraescolares, polo que a xestión de software é por cargo do monitor/a desta actividade. En calquera caso, por mor da pandemia e por remodelación da Mediateca, permanecen desconectados e arrombados nun lado.

Temos un proxector por pantalla e un a maiores que empregamos para proxectar películas ou eventos na parede da mediateca.

Encerados dixitais: temos EDI en catro aulas provenientes de diferentes partidas.

Dous son de SmartBoard (un deles non vai) e outros dous de diferentes marcas (IQ Board etc) e un deles tampouco vai. Os proxectores son de varias marcas (Epson, Benq) e tipos e só un é integrado (Epson EB-570). Só un deles está operativo coa función táctil, o resto úsanse como pantallas de proxección.

Impresión: actualmente non usamos en absoluto impresora algunha, imprimindo e/ou reprografando nunha fotocopiadora B/N-cores Konica-Minolta en leasing. Temos varias

impresoras de tinta, unha delas é un combo Brother MFC 6490CW con escáner/fax e un fax Brother T104 sitos en dirección, ambos igualmente en desuso. O resto de impresoras de tinta a cores están en almacén.

Telefonía: en Dirección contamos con dúas liñas de teléfono e unha de FAX conectadas a equipos de sobremesa. Non hay outras liñas ou equipos fora desta dependencia. O seu uso é primordialmente para dirección aínda que as comunicacións son atendidas pola persoa que estea libre ou perto deles neste momento.

Servizos Dixitais Educativos: Contamos cunha páxina web fornecida e aloxada nos servidores corporativos da Xunta xestionada en exclusividade polo coordinador TIC do centro, se ben, só se actualiza con novas ou mensaxes de importancia, por non dispormos de horario reservado para tal actividade. As actualizacións fanse na horas de garda ou mesmo na casa. A Aula Virtual está cargada con contidos máis só se utiliza en casos de confinamentos ou enfermidade do alumnado, non como ferramenta diaria de acceso. Non todo o alumnado ten acceso a un ordenador ou á rede desde a súa casa. Temos pensado activar Agueiro, para o que pediremos formación no curso vindeiro. As familias están empregando Abalar-Móbil para comunicarse co Centro pero o profesorado non accede a tal.

Xestión e mantemento o equipamento: facémolo en tres vertentes,

.- por unha banda o coordinador TIC, resolvendo incidencias puntuais como instalar software de actualización, ampliación do hardware, instalación e traslado de equipos, revisión de equipos e instalacións etc.

.- un servizo técnico externalizado, para un gran continxente de operacións sobre os equipos ou fallas graves, co cal acode un técnico para facer as comprobacións, especialmente en equipos non corporativos.

.- intervención da UAC, abrindo unha incidencia que resolven, habitualmente, de xeito telefónico.

Enlaces a protocolos do centro relacionado coas TIC: están colgados na páxina web corporativa do centro aloxada nos servidores da Consellería: plans de actuación e de adaptación COVID, aulas virtuais etc. <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipareouta/>

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Areas	Grupos	Ensinanzas
		Primaria
A -Liderado	Equipo Direct.	2.7
	Profesorado	3.1
	Alumnado	-

B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3
	Profesorado	2.4
	Alumnado	3.6
C- Infraestructuras e Equipos	Equipo Direct.	2.5
	Profesorado	2.9
	Alumnado	3.8
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3.5
	Profesorado	2.7
	Alumnado	-
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3.7
	Profesorado	4.2
	Alumnado	-
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3.3
	Profesorado	3.3
	Alumnado	3.7
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3
	Profesorado	2.9
	Alumnado	-
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	2.5
	Profesorado	3.3
	Alumnado	3.6

Ademáis tamén se empregou o Test CDD para avaliar a competencia dixital dos mestres e mestras do centro. Podemos ver a información que obtivemos nas seguintes táboas:

Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado	N.º profesorado	% participación
--	-----------------	-----------------	-----------------

	que participa	total	
DEFINITIVO	1	1	100%
PROVISIONAL	1	1	100%
INTERINO	2	2	100%
SUBSTITUTO	-	-	-
DESPRAZADO/OUTROS	-	-	-

Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
80	Integrador/a (B1)	76.4	Integrador/a (B1)

Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Inf.	46.5	Explorador/a (A2)	68.2	Integrador/a (B1)
Pri.	92	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)

Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	-	-
A2	2	50%
B1	1	25%
B2	-	-
C1	1	25%
C2	-	-
TOTAL	4	100%

Ademais de toda a información obtida coas dúas ferramentas citadas para a elaboración do DAFO, contamos tamén co asesoramento da persoa mentora de centro e dos membros do EDPD.

Cabe sinalar que os datos do SELFIE ás veces son sesgados e requiriron de interpretación, das persoas antes mencionadas, para facer unha interpretación da situación real do centro.

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO		C8: Tanto equipo directivo como profesorado afirman que no centro non existen dispositivos dixitais propios ou xestionados que o alumnado poida utilizar cando os precise.
	PERSOAL DOCENTE	<p>A3: O profesorado conta co apoio do Equipo directivo para probar novas formas de ensinanzas con tecnoloxías dixitais.</p> <p>D2: Tanto o equipo directivo como o profesorado afirman ter acceso a posibilidades de PDC no relativo a ensinanza con tecnoloxías dixitais.</p> <p>E1: Tanto equipo directivo como profesorado afirman que buscan recursos educativos dixitais en liña.</p> <p>E5: O profesorado afirma que utiliza recursos educativos abertos.</p> <p>F4: A comunidade educativa resalta que no centro, o profesorado leva a cabo actividades de aprendizaxe dixital que motiva ao alumnado.</p> <p>F5: A comunidade educativa resalta que no centro, o profesorado utiliza as tecnoloxías dixitais para facilitar a colaboración entre o alumnado.</p> <p>G1: O profesorado considera</p>	<p>A4: O profesorado non ten tempo para explorar como mellorar o seu método de ensinanza con tecnoloxías dixitais.</p> <p>D3: O profesorado afirma non ter posibilidade de compartir experiencias dentro do centro sobre a ensinanza con tecnoloxías dixitais.</p> <p>E3: O profesorado considera que non utiliza contornas virtuais de aprendizaxe co alumnado.</p> <p>F6: O profesorado considera que non fomenta a participación do alumnado en proxectos interdisciplinares utilizando tecnoloxías dixitais.</p> <p>G3: O profesorado considera que non utiliza tecnoloxías dixitais para facilitar a retroalimentación axeitada do alumnado.</p> <p>G6: O profesorado considera que non utiliza tecnoloxía dixitais para que o alumnado poida realizar observacións construtivas sobre o traballo dos demais.</p>

	que utiliza tecnoloxías dixitais para avaliar as habilidades do alumnado.	
PERSOAL NON DOCENTE		
ALUMNADO	<p>H6: O profesorado destaca que no centro o alumnado aprende a dar crédito ao traballo doutras persoas que atoparon en internet.</p> <p>H11: O profesorado e o alumnado consideran que no centro se aprende a codificar ou programar.</p>	<p>H1: A comunidade educativa considera que no centro o alumnado debe mellorar como actuar con seguridade en internet.</p> <p>H2: A comunidade educativa considera que no centro o alumnado debe mellorar como actuar de forma responsable en internet.</p> <p>H8: O profesorado considera que no centro o alumnado non aprende a comunicarse mediante as tecnoloxías dixitais.</p>
FAMILIAS		
OFERTA		
ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<p>G8: O profesorado considera que facilita que o alumnado utilice tecnoloxías dixitais para documentar a aprendizaxe.</p>	<p>A1: Tanto equipo directivo como profesorado indican a falta de estratexia dixital.</p> <p>C11: O equipo directivo afirma que no centro non se conta con medidas para identificar as dificultades que xorden coa aprendizaxe mixta, relacionadas coas necesidades de aprendizaxe do alumnado e o seu contexto socioeconómico.</p> <p>C14: O profesorado considera que no centro os espazos físicos non facilitan a ensinanza e a aprendizaxe con tecnoloxía dixitais.</p> <p>C16: Tanto equipo directivo como profesorado afirman que non existen repositorios ou bibliotecas en liña que conteñan materiais de ensinanza aprendizaxe.</p> <p>-O alumnado manifesta que non atopa toda a información que precisa na páxina web do</p>

			colexio. -O plan dixital é fácil convertelo nun elemento baleiro da programación.
--	--	--	--

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<p>C3. O centro dispón dun bo acceso a internet para o ensino aprendizaxe.</p> <ul style="list-style-type: none"> - A administración educativa aposta polo Plan Dixital. - A Consellería está facendo un gran investimento neste proceso e é unha boa oportunidade para cambiar e mellorar as cousas. - Temos a nosa disposición a figura de mentor Adix para a elaboración do plan dixital. 	<p>C2: O equipo directivo e o profesorado consideran que non hai suficientes dispositivos dixitais para a ensinanza.</p> <p>C10: Tanto equipo directivo como profesorado consideran que o centro non está dotado de dispositivos portátiles para o uso do alumnado no seu domicilio.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Escasa importancia das opinións do profesorado no desenvolvemento educativo. - A falta de estabilidade na cadro de persoal do profesorado orixina a imposibilidade de obter un proxecto estable a medio/longo prazo. - As demandas que se fan á administración educativa, en canto equipos e material tecnolóxico, tenden ou a tardar moito ou a non ter resposta positiva. - Carga burocrática do profesorado con múltiples funcións que non permiten un bo desenrolo das mesmas.
	LEXISLACIÓN	<p>A5: Tanto equipo directivo como profesorado teñen coñecemento sobre as normas de dereitos de autor e licenzas de uso ao utilizar tecnoloxías dixitais para a ensinanza e o aprendizaxe.</p> <p>C7. Tanto equipo directivo como profesorado consideran que no centro existen sistemas de protección de datos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Excesiva lexislación educativa e cambios continuos.
	CONTORNA ANPA		

	OUTRAS ENTIDADES	- Oferta de programas e proxectos para formación do profesorado.	B4: O profesorado non colabora con outros centros ou organizacións para apoiar o uso das tecnoloxías dixitais.
--	-------------------------	--	---

3. Plan de Acción

A continuación, pasamos a enumerar os obxectivos, indicadores e accións que, tras ter analizado toda a información, se consideran prioritarios para o noso centro.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións.

Área/s de mellora: ÁREA A LIDERADO						
OBXECTIVO 1	(A4) Dispoñer de tempo para explorar novas modalidades de ensino no ámbito dixital dentro da xornada escolar.				Acadado	
Responsable	Directora e coordinador Tic.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	O Claustro dispón de tempo, durante a xornada escolar, para explorar novas modalidades de ensino no ámbito dixital.					
Valor de partida:	O profesorado adica 0 horas mensuais da xornada escolar para explorar novas modalidades de ensino no ámbito dixital.					
Valor previsto e data:	O 75% do profesorado adica 2 horas mensuais da xornada escolar para explorar novas modalidades de ensino no ámbito dixital.			30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Explicar ao Claustro o funcionamento das horas que deben adicar o ámbito dixital dentro da xornada escolar.	Coordinador TIC	30/09/22	Espazo para a reunión. Claustro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Crear libro de seguimento das horas adicadas o ámbito dixital dentro da xornada escolar.	Coordinador TIC	30/09/22	Equipos informáticos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Análise do libro de	Coordinador TIC	30/05/23	Equipos informáticos.		Realizada	

seguimento das horas adicadas o ámbito dixital dentro da xornada escolar.			Equipo de dinamización do Plan Dixital.		Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: ÁREA B COLABORACIÓN E REDES						
OBXECTIVO 2:	(B4) Poñer en marcha un proxecto relacionado co uso e vivencia das TICS en colaboración con outros centros.				Acadado	
Responsable:	Claustro				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Acadar un proxecto educativo alomenos por etapa relacionado co uso e vivencia das TICS en colaboración con outros centros.					
Valor de partida:	Hai 0 proxectos relacionados co uso e vivencia das TICS en colaboración con outros centros.					
Valor previsto e data:	Hai 2 proxectos relacionados co uso e vivencia das TICS en colaboración con outros centros.			30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO2.1: Crear un equipo por etapa encargado de levar a cabo o proxecto relacionado co uso e vivencia das TICS en colaboración con outros centros.	Profesorado interesado en participar no proxecto.	30/09/22	Espazo para a reunión. Claustro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Creación de un proxecto por etapa e contacto cos outros centros.	Equipos creados especificamente para iso.	16/12/22	Equipos informáticos. Profesorado implicado		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Posta en marcha dos proxectos creados.	Equipos creados especificamente para iso.	26/05/23	Equipos informáticos. Profesorado implicado.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: E- PEDAGOXÍA: APOIOS E RECURSOS						
OBXECTIVO 3	(E2) Crear recursos dixitais para levar a cabo na práctica docente				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador Tic e claustro do centro				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de recursos dixitais creados polo profesorado					
Valor de partida	0 recursos dixitais creados polo profesorado					
Valor previsto e data	10 recursos dixitais creados polo profesorado			30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO3.1: Solicitud e creación dun PFPP cunha liña de creación de recursos.	Equipo Directivo Asesor CAFI/CFR Persoa coordinadora do PFPP	30/09/22	Solicitud Equipos Informáticos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Creación de recursos dixitais adaptados ao currículo de EI e EP.	Profesorado implicado	28/04/23	Conexión a internet Equipos informáticos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3: Subida á aula virtual ou plataforma similar de recursos dixitais adaptados ao currículo de EI e EP creados polo profesorado.	Profesorado implicado	31/05/23	Conexión a internet Equipos informáticos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
“Área/s de mellora”: H COMPETENCIAS DIXITAIS DO ALUMNADO.						

OBXECTIVO 4	(H1) Mellorar a busca de información que o alumnado atopa en internet a través de criterios de validación que aseguren unha navegación segura, fiable e precisa.			Acadado		
RESPONSABLE:	Coordinador Tic			Non acadado		
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Criterios e validación					
Valor de partida	0 criterios de validación ao buscar o alumnado información en internet					
Valor previsto e data	5 criterios de validación ao buscar o alumnado información en internet			30/06/2023		
ACCÍONS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLE S	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO4.1: Establecemento dentro do claustro dunha listaxe de criterios de validación, filtrado de contidos web e normas de uso.	Coordinador TIC Claustro	28/10/22	Reunión Claustro Equipos informáticos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2: Realización de infografías cos criterios e normas de uso visible para todo o centro.	Claustro	25/11/22	Equipos informáticos Material para elaborar as infografías impresas.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A04.3: Realización de actividades co alumnado onde se utilice listas de cotexo da calidade e fiabilidade das fontes de información empregadas.	Claustro	28/04/23	Equipos informáticos Alumnado		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

A04.4: Avaliación do alumnado mediante actividades da utilización ou non de 5 criterios de validación.	Coordinador TIC Claustro	02/06/23	Equipos informáticos Alumnado		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

3.2 Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Conectividad:

Temos unha boa conexión de fibra cuns cocientes óptimos de baixada e subida, polo que non temos problemas neste eido. Si necesitaríamos acceder á fotocopiadora desde todos os puntos do Centro (equipos de aulas etc) pois nestes momentos, por mor dunha sub-rede, só é accesible desde un equipo da sala de profesorado, cos subseguintes atrancos e colas para imprimir. Precisaríamos que fose eliminada esa sub-rede.

Equipos sobremesa:

Apenas contamos cuns poucos equipos viables, basicamente para xestión e conectados coas pantallas. Precisaríamos un por aula activa nestes momentos.

Tamén precisamos unha renovación da aula de informática incluída na mediateca, xa que, como queda dito, os equipos actuais están obsoletos, faltos de RAM, con fallas, software anticuado e periféricos deteriorados. Precisaríamos un número de equipos de sobremesa axeitados á matrícula do centro, ou ben portátiles.

Non temos tampouco equipos de altofalantes nos equipos e especialmente en dous dos EDI's, necesarios para escoitar as actividades.

Equipos con portabilidade:

Precisaríamos contar con algúns equipos para o alumnado, para consultas e tarefas de clase. Non vemos viable un equipo para que cada un leve a casa, polas particularidades do alumnado. Serían portátiles/ultra-portátiles para o uso en aula e desprazamentos entre clases.

Encerados dixitais:

Precisaríamos renovar/arranxar algúns destes equipos pois, excepto un, o resto (3) están inoperantes.

Precisamos un encerado completo con proxector, para a aula de Infantil, pois a mestra mostrou intencións de utilizar as vantaxes do uso táctil deste sistema e como proxector de vídeos. Actualmente non conta con encerado ou proxector.

Tamén precisaríamos outro para á mediateca, onde adoitamos recibir relatores que o usarían para as súas leccións/relatorios cara o alumnado así como clases puntuais de PT e AL que se desenvolven nesta estancia.

O uso dos EDI ven documentado e/ou proxectado nas programacións deste centro.

Equipos experimentais:

Por ser un centro pequeno de pouca matrícula, estamos abertos as novas tecnoloxías que permitan darlle un cariz novo e motivador aos procesos de aprendizaxe, como sería o uso de RV (realidade virtual), RA (realidade aumentada) e de IA (intelixencia artificial) concretado en dispositivos como gafas e altofalantes tipo Alexa.

Tamén serían útil unha dotación de cámaras Web para facer conferencias/actividades en común entre aulas e/ou con outros centros (intercambio de información, celebracións de efemérides concretas o día sinalados etc, poesía,

canción, concursos, etc) tendo en conta a mellora considerable en ancho de banda que gozamos agora.

Necesidades de software:

Comunicación entre comunidade educativa. Precisamos unha app que permita esta comunicación vía móbil, fluída e práctica.

4. Avaliación do plan

No que se refire ao seguimento e avaliación do Plan Dixital en relación coa consecución dos obxectivos será realizada dende dúas perspectivas:

Avaliación procesual: será realizada unha vez ao final de cada un dos trimestres do curso 22-23. Realizarase unha revisión do estado das accións, así como a valoración dos resultados acadados nos distintos obxectivos das táboas dos nosos plans de accións. Ademais, realizaranse propostas de modificación de accións de ser preciso. Utilizaranse os apartados correspondentes das citadas táboas para tal efecto.

Avaliación final: será realizada unha vez ao ano ao remate do curso académico 22-23. Farase unha revisión da consecución dos obxectivos formulados e realizaranse posibles propostas de mellora. Utilizaranse os apartados correspondentes de cada unha das táboas do plan de acción para o seu cumprimento.

5. Difusión do plan

Unha vez aprobado o Plan Dixital do noso centro será publicado na web do mesmo. Ademais enviarase un enlace ás familias coa entrada para facelas coñecedoras da súa publicación. Tamén se enviará a todo o claustro vía correo electrónico e ao Consello Escolar.